



## ACTA ASAMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

### **D. Manuel Mouzo Méndez**

*Presidente*

### **D. Javier Méndez Alonso**

*Pte. Comité Salmónidos*

### **D. Manuel Rodríguez Meira**

*Pte. Comité Xuíces*

### **D. Ramón Souto Perez**

*Tesoureiro*

*Subdelegado A Coruña*

*Pte. Comité Mar Rocha e Embarcación fondeada*

### **D. Jose Ramón Castro Varela**

*Delegado A Coruña*

### **D. Oscar Ramos Vázquez**

*Pte. comité de Black-Bass*

### **D. Pedro Bolaño Pérez**

*Pte. Comité de Auga Doce*

*Pte. Comité Mar Costa/Corcheo e Spinning*

### **D. Juan Manuel Castro Fuentes**

*Secretario*

### **ESTAMENTO DE XUÍCES**

D. Pablo de Andrés Vales

D. Manuel González Martínez

### **ESTAMENTO DE DEPORTISTAS**

D. Roberto Martínez Díaz

Dña. Pilar Rey García

D. Jorge García Duarte

As persoas que á marxe se nomean, convocadas en tempo e forma, reúnen o **Sábado día 20 de Febreiro de 2020** vía telemática para trataren a seguinte

### **ORDE DO DÍA**

1.- Información e debate sobre o acordo adoptado pola Asemblea Xeral Extraordinaria da FEPYC na data do 07/02/2021 en relación ao aumento da cota de integración/afiliación, que se aplicaría con carácter exclusivo a dúas federacións territoriais, unha delas a Federación Galega de Pesca e Casting.

2.- Acordo e votación; autorizando ao Presidente, se procede, para emprender accións legais contra os órganos de goberno e representación da Federación Española de Pesca e Casting que aprobaron ou promoveron este acordo.

3.- Rogos e Preguntas.

O Presidente abre a xuntanza ás 18:30 horas do día sinalado no encabezamento.

**1.- Información e debate sobre o acordo adoptado pola Asemblea Xeral Extraordinaria da FEPYC na data do 07/02/2021 en relación ao aumento da cota de integración/afiliación, que se aplicaría con carácter exclusivo a dúas federacións territoriais, unha delas a Federación Galega de Pesca e Casting.**

O Presidente inicia o punto un da orde do día cun breve relato dos feitos, onde destaca que o ano pasado e nunha reunión coa FEPYC de tódolos Presidentes territoriais, esta lles solicitou unha axuda monetaria voluntaria a cada Federación territorial do 10% do importe gastado o ano anterior en inscricións a campionatos de España. Segundo a FEPYC sería un préstamo que se devolvería posteriormente. A FGPeC non quixo participar nesta axuda.

Neste 2021, a FEPYC convocou unha Asemblea Xeral Extraordinaria onde propoñen subir a cota anual de 1000€ a 4000€ só para aquelas Federacións Territoriais que non participaron nesa presunta axuda, presunta porque despois foi convertida en donativo. Esta nova cota tan só sería de obrigado cumprimento para as Territoriais Galega e Andaluza. O resto das Federacións Territoriais quedarían exentas de dito pago.

Iniciase un debate entre os asembleístas onde preguntan polo importe a pagar antes, posibles represalias de non facer o pago agora, como se reflectiron os cartos achegados por outras Federacións Territoriais nas contas da FEPYC, etc...



D. Jesús Fco. Bolaño García

D. Óscar Arosa García

### **ESTAMENTO DE CLUBS, SOCIEDADES E ASOCIACIÓNS**

D. Kiko Campelo

*Asoc. Deportiva O Escarapote*

D. Juan Manuel Pérez Muiño

*Sociedade de Pesca Río Mandeo*

D. Juan Manuel Castro Fuentes

*Sociedade Pesca Deportiva Neria*

D. Manuel Rodríguez Meira

*Club Pesca Monforte*

D. Iván C. Rodríguez Sánchez

*Club Marítimo de Oza O Puntal*

Dña. Raquel Ferreiro

*Club de Pesca Deportiva Moita Escama*

D. Antonio Cortés Araujo

*Club de Pesca O Peixe*

D. Alberto M. López Redondo

*Asoc. Dep. "Peña O Rodaballo"*

D. Víctor Ferreira Fariña

*Spinning Nordés*

D. Luis Piñeiro Miras

*Club Windsurfing La Torre*

D. Pablo Silvana Moscoso

*Club Pesca Rias Baixas*

D. Julián González López

*Sociedade de Pesca O Cormorán*

O Presidente informa sobre estas dúbidas e tamén comenta que na FEPYC están integradas 18 Federacions Territoriais e 1 Delegación Territorial, e nos derradeiros anos dúas destas entidades, segundo consta nas contas anuais, non pagaron a cota da FEPYC e esta non dixo nada nin informou do particular aos demais asembleístas ata que o Presidente da FGPeC solicitou explicación de cal era a causa que nese concepto, nas contas anuais aparecesen 17.000.- € en lugar de 19.000.- €, quedando de manifesto esta irregularidade.

### **2.- Acordo e votación; autorizando ao Presidente, se procede, para emprender accións legais contra os órganos de goberno e representación da Federación Española de Pesca e Casting que aprobaron ou promoveron este acordo.**

Despois do debate o Presidente pregunta se algún dos asembleístas quere intervir ou argumentar a prol de pagar esa nova cota á FEPYC, non manifestando ninguén a intención de tomar a palabra. Procédese a votar entre os asembleístas a opción de NON pagar o incremento de cota requirida pola FEPYC, impugnar a Asemblea da FEPYC e emprender accións legais contra a mesma.

O Resultado da votación é de:

Votos a favor: 16

Votos en contra: 0

Abstencións: 4

Polo tanto, queda aprobado por maioría NON pagar o incremento de cota requirida pola FEPYC, impugnar a Asemblea Extraordinaria da FEPYC na que se aprobou esa suba e emprender accións legais contra a Federación Española de Pesca e Casting .

### **3.- Rogos e preguntas.**

O Presidente lembra as limitacións nos adestramentos e desprazamentos derivados das novas normas de restrición de mobilidade.

Debátense outros temas de diversa índole, sen que medie solicitude expresa de facer constar en Acta.

Esgotada a ORDE DO DÍA, o Presidente da por rematada a Asemblea as 19:26h

Eu coma secretario dou Fe.



Asdo. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

Vº e Prace:  
Manuel Mouzo Méndez  
Presidente